

R E V I S T A O R A L

# o PAZO DAS MUSAS

Nº 1 / 31 de marzo de 2005

Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo dependente da Excma. Deputación Provincial de Lugo. Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio do Museo Provincial de Lugo**. Duración aprox.: **1,30 h**. Deseño gráfico e animación dixital: **Javier Huerga García**. Coordina: **Antonio Reigosa**. Este segundo numero da revista oral *O pazo das musas* quere continuar a andaina iniciada no nº 0 e ser tamén encrucillada onde conflúan os camiños polos que transita a inspiración dos creadores de hoxe en día, un punto de encontro e de reflexión arredor da cultura e da xestión cultural.

«Una revista oral de contenido variado transforma el refectorio en un escenario de actividades diversas, con estilos, tendencias y expresiones mezcladas. Una dosis de poesía, otras de arte, una parte de teatro y música, generosas cantidades de música, que actúa como transición de unas partes a otras... Si se mantuviesen las proporciones y se cambiase el nombre de los ingredientes, podría tratarse de un cóctel para paladares exquisitos»

Xosé María Palacios, *La Voz de Galicia*, 24 de decembro de 2004.

## SUMARIO

### Portada musical

*Di si felice inesto* (Gioacchino Rosinni)

Intérpretes: **Laura M<sup>a</sup> Alonso / Víctor M. González (3')**

### Prólogo

*In memoriam Carlos Casanova*

**Carlos Casanova** ía ser o encargado de facer a presentación deste número 1 da revista *O pazo das musas*.

O seu pasamento deixounos orfos dun intelectual irrepetible. Na súa memoria, as musas recitan versos do seu libro *Rostros en un lienzo*, Tris Tram, Lugo, 2001.

**Poema:** *Retrato de niño balbuciendo*.

**Música:** *Where are old days* (anónimo)

Intérpretes: **Laura M<sup>a</sup> Alonso / Víctor M. González (3')**

### Documental

*A arte que se pisa. Jesús Amor Vázquez, artífice do pavimento do claustro de San Francisco*.

Coproducción da **Fundación TIC** e o **Museo Provincial de Lugo (10')**

### Música

*Variación Golberg nº 7* (J. S. Bach)

Intérpretes: **Laura M<sup>a</sup> Alonso / Víctor M. González (2')**

### Narración oral

*O imitador*, por **Fátima Fernández (8')**

### Música

*Miniatura para clarinete* (J. Coba Garrote)

Intérpretes: **Laura M<sup>a</sup> Alonso / Víctor M. González (2')**

### Poesía

*A tecelá en outono*, por **Marica Campo (3')**

### Música

*Invención nº 6* (Lennie Niehaus)

Intérpretes: **Laura M<sup>a</sup> Alonso / Víctor M. González (2')**

### En profundidade

*Presentación da colección de lucernas Varela Dafonte*, por **Enrique Alcorta Irastorza (10')**

### Música

*Triplets in lydian mode* (Béla Bartók)

Intérpretes: **Laura M<sup>a</sup> Alonso / Víctor M. González (1')**

### Memoria viva

*Axóuxere*, primeiro suplemento de literatura infantil e xuvenil en Galicia, por **Paco Martín (10')**

### Música

*Listen to my voice* (canción israelí)

Intérpretes: **Laura M<sup>a</sup> Alonso / Víctor M. González (2')**

### Narración oral

*A espera*, por **Fátima Fernández (8')**

### Música

*Minuetto duo concertante nº 1* (Haydn)

Intérpretes: **Laura M<sup>a</sup> Alonso / Víctor M. González (2')**

### Poesía

*Confeso que estou tola*, por **Marica Campo (3')**

### Música

*Dúo para dous clarinetes* (Mozart)

Intérpretes: **Laura M<sup>a</sup> Alonso / Víctor M. González (1')**

### Para ver

*O imperio azteca*, Museo Guggenheim de Bilbao, por **Marta Coria Blanco**.

*Die Brücke. O nacemento do expresionismo alemán*, por **M<sup>a</sup> Noelia Ramos Marful (5')**

### Música

*Sonata nº 1* (Lefevre)

Intérpretes: **Laura M<sup>a</sup> Alonso / Víctor M. González (2')**

### Opinión

Intervención libre do público asistente (5')

### Epílogo

Por **Antonio Reigosa (3')**

### Contraportada musical

*O pico do grelo* (muiñeira tradicional)

Intérpretes: **Laura M<sup>a</sup> Alonso / Víctor M. González, coa colaboración á pandeireta de Ángeles Pascual (2')**

**COLABORAN NESTE NÚMERO:****Alcorta Irastorza, Enrique**

Cursou a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Deusto (Bilbao), licenciándose en 1982. A súa actividade arqueolóxica comeza en 1975, con escavacións en Ampuries (Girona), Forua (Guernica), xacemento de La Hoya, Laguardia (Álava), e Aquis Querquennis en Portoquintela (Ourense). Desde 1986 vén escavando en Lugo, tanto no sochán como na muralla. É autor de numerosas publicacións.

**Alonso Gandoy, Laura María**

Naceu en Lugo o ano 1971. Con 11 anos entra na Escola de Música que daquela tiña a Banda Municipal e comeza así os seus estudos dentro do campo da música; estudos que continuarán no Conservatorio Superior de Música da Coruña e no de Santiago de Compostela. O ano 1987 entra a formar parte da Banda Municipal de Música de Lugo como clarinetista, sendo a primeira muller que entrou a formar parte desta formación na que continúa na actualidade.

**Campo, Marica**

Nacín no Val do Mao, O Incio en 1948, estudei Teoloxía e Filosofía e Letras, son licenciada en Maxisterio e en Galego pola Escola de Idiomas, e traballo como profesora de Galego no IES de Guitiriz. Publiquei relatos e poemas soltos en diversas revistas, colaborei en iniciativas docentes e socioculturais dirixidas á significación da literatura e a lingua do país, escribíñ letrás para grupos musicais galegos desde o albor da Nova Música Galega, para “Fuxan os Ventos”, “A Quenlla” e outros, obras de teatro, pregóei eventos culturais e festivos, prologuei libros... Da miña obra publicada gusto de salientar as obras teatrais *O premexentes non pode cos paxaros rebezos*, Cadernos da Escola Dramática Galega, *Confusión de María Balteira*, representada polo grupo “Achádego” e de próxima publicación polo Arquivo “Francisco Pillado” da Universidade da Coruña. Obras poéticas como *Tras as portas do rostro*, Baía Edicións, A Coruña, 1992, *Pedinche luz prestada*, I Premio de Poesía “Fiz Vergara Vilariño” (2000), editado por Espiral Maior, A Coruña, 2001. En narrativa *Confusión e morte de María Balteira*, Baía Edicións, A Coruña, 1996 (Finalista no premio da Crítica), *Memoria para Xoana*, Premio de narrativa do Concello de Vilalba no 2001 e Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2002, editado por Espiral Maior no 2002, *Crispín do Mao, Crispín do mar*, no volume “Contos”, publicado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, 2004, *A voda*, en “Narradoras” de Xerais, Vigo, 2000, e colaborei en *Poemas e contos da muralla*, edición do concello de Lugo

**Coria Blanco, Marta**

Nacín en Lugo en 1981, onde cursei os estudos de bacharelato. Son licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, coas especialidades de Arte Moderna, Arte Contemporánea e Patrimonio Artístico. Actualmente traballo na organización e guía de exposicións no Museo Provincial de Lugo.

**Fernández, Fátima**

Nacín en Foz pero ata os nove anos vivín en Asturias, a esa idade regresei a Foz para convivir cos meus avós; foi o meu avó o que me introduciu no mundo da fantasia popular. Deixoume en herданza unha caixa dentro de min coas súas historias, caixa que de vez en cando abro e da que xurdien entrecruzadas a realidade coa fantasía, as historias cos contos, o que foi co que debería ter sido... Fui estudar Maxisterio a Ourense e alí comezou unha nova etapa da miña vida; naceu o meu fillo Daniel froito da miña relación co meu compañeiro Xesús, e con el tamén naceu a necesidade de contarlle as cousas que a min me contaron. Na actualidade vivo desde hai sete anos en Lugo, onde traballo como Coordinadora do Centro de Día “Antonio Gandoy” e realizo actividades de animación á lectura e contacontos.

**González Díaz, Víctor Manuel**

Nace en Lugo un 30 de outubro do ano 1971. Comeza os seus estudos musicais na Escola da Banda Municipal de Lugo o ano 1979 da man do mestre Fernández Groba, para continuar a formación no Conservatorio Superior de Música da Coruña, e máis tarde no de Santiago onde obtén o título de Profesor Superior de Clarinete. Na actualidade desenvolve a súa actividade profesional na Banda Municipal de Lugo e traballa como profesor de Música no colexio “San Xosé” de Lugo.

**Huerga García, Javier**

Nacín na cidade da Coruña en 1974. Son licenciado en Belas Artes, especialidade de pintura, pola Facultade de Pontevedra, e Máster en Creación e Comunicación Dixital pola Universidade da Coruña. Teño participado en mostras colectivas de pintura e gravado. Profesionalmente nos últimos anos estou dedicado a campos coma o deseño gráfico e a animación dixital.

**Martín, Paco**

Recatelo, Lugo, 1940. Un día Xurxo Lobato quixo fotografarme contra o fondo de nenas e nenos da *Escola da Doloriñas* e conseguiu que eu aparecese case formando parte da pintura. Agora, cando miro a fotografía comprendo porque estou tan identificado con ela: a verdade é que andei case toda a miña vida en circunstancias moi semellantes ás que a foto deixá ver. Primeiro entre os demais cativos do barrio de Lugo no que, hai xa moitos anos, fun medrando mentres corría atrás dunha pelota feita de farrapos, nadaba nas augas do Miño, andaba ás mazás polas hortas de Fingoi, acudía á escola de don Domingo e tiña oportunidade de escoitar ós maiores cando contaban historias de lobos ferros e ouveadeiros nas noites sen lúa, de pantasmas que procuraban xustiza e vinganza desde outros mundos tenebrosos, de arriscadas aventuras de emigrantes en afastados países e milleiros de contos máis que me viñeron acompañando ata que tamén eu cheguei a me facer mestre como a Doloriñas do cadro de Julia Minguillón e seguir así, rodeado de cativos, ata o día de hoxe. Nunca quixen esquecer aqueles relatos que encheron a miña infancia nin a felicidade que a todos nos proporcionaban. Supoño que esa foi a razón principal de que, andado o tempo, a min me dese por escribir historias que outros puidesen ler e así vivir noutras vidas, camiñar canda outras xentes, inventar outros pasados e outros futuros, soñar outros soños e mesmo sentir outros sentimientos. E aquí me tedes.

**Ramos Marful, Mª Noelia**

Nacín en Santiago de Compostela hai trinta anos. Aos cinco anos trasladeime coa miña familia a Foz onde trasnkorre a miña adolescencia. Desde hai dez anos resido en Lugo, onde me diplomei en Maxisterio e posteriormente licencieíme en Humanidades. Na actualidade traballo no Museo Provincial de Lugo onde colaboro cos distintos departamentos na organización de exposicións e guía de actividades didácticas.